

Sir Isaac Newton

(Londres, 1643-1727)



Físico, filósofo, teólogo, inventor, alquimista e matemático.

Autor dos *Philosophiae naturalis principia mathematica*, máis coñecidos como *Os Principia*, onde describiu a lei de gravitación universal e estableceu as bases da mecánica clásica, mediante as leis que levan o seu nome.

Entre outros descubrimentos científicos seus destacan os traballos sobre a natureza da luz e a óptica (que se presentan principalmente na súa obra *Opticks*) e o desenvolvemento do Cálculo matemático.

Newton comparte con Leibniz o crédito polo desenvolvemento do cálculo integral e diferencial, que utilizou para formular as súas leis da física.

Tamén contribuíu noutras áreas das Matemáticas, mediante o desenvolvemento do teorema do binomio e das fórmulas de Newton-Cotes para a aproximación numérica das raíces dun polinomio.